

Código de accesibilidad

**Barreiras  
na comunicación**





## 7. Barreiras na comunicación

Marcar a existencia do elemento



Marcar se cumpre os requisitos

Con independencia dos requisitos específicos que sobre cada materia se realizan, cumpliranse as seguintes condicións.

### 7.1 No urbanismo

A sinalización dos itinerarios peonís, elementos de urbanización e outros elementos urbanos deberá ter un contorno nítido, coloración viva e contrastada co fondo así como letras de tamaño que permitan fácil lectura á distancia que deben ser lidas.

 

### 7.2. Na edificación

Nos edificios públicos débese complementar unha boa sinalización visual coa sinalización auditiva de utilización selectiva.

 

Nos edificios públicos as instalacións de sistemas de alarma haberán de funcionar de maneira sonora e luminosa para as persoas con discapacidade auditiva.

 

En vivendas os timbres e teléfonos funcionarán de maneira sonora e luminosa.

 

### 7.3. No transporte

Os autobuses urbanos e metropolitanos, ferrocarril, ou calquera outro medio de transporte urbano de proximidades de nova adquisición deberán disponer e manter en servicio un sistema de interfonía que informe no seu interior, con antelación, de cada parada.

 

### 7.4. Na comunicación e información

As medidas de adaptación débense complementar cun servicio de información ós usuarios.

 

Deberanse publicar guías de accesibilidade referidas ós distintos medios de transporte, equipamento urbano e rural, turismo, etc.

 

### 7.5. Na cultura, ocio e espectáculos

As salas de conferencias, aulas e outros locais análogos disporán de espacios reservados debidamente sinalados para persoas con discapacidade auditiva nas primeiras filas.

 

O intérprete de LSE situarase enfrente dos devanditos asentos, na zona dos relatores.

 

A sinalización realizarase mediante o símbolo internacional de accesibilidade na comunicación.